



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 516/2010 DE 16 DE XUÑO.

---Contrato: de OBRAS DE “ACCESO A NÚCLEOS E PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS EN A ESTRADA, AGAR, AGUIÓNS, ANCORADOS S. PEDRO, BERRES, CALLOBRE, CORA, CURANTES, FRADES, MOREIRA, NIGOI, PARDEMARÍN, RUBÍN, VEA S. XIAO, VEA S. XURXO E VEA S. ANDRÉ (PPC 2010)”.

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 17 DE XUÑO DE 2010

-“Visto o Proxecto de obras (PPC 2010) “Acceso a núcleos e pavimentación de vías públicas en A Estrada, Agar, Aguións, Ancorados S. Pedro, Berres, Callobre, Cora, Curantes, Frades, Moreira, Nigoí, Pardemarín, Rubín, Vea S. Xiao, Vea S. Xurxo e Vea S. André” elaborado polo enxeñeiro Técnico Municipal e aprobado en Xunta de Goberno Local de 18 de maio do ano que andamos, cun orzamento total (impostos incluídos) para a execución por contrata de 179.531,15 euros.

-Visto o expediente tramitado para a licitación por Procedemento Negociado sen Publicidade do contrato de obras (PPC2010) “Acceso a núcleos e pavimentación de vías públicas en A Estrada, Agar, Aguións, Ancorados S. Pedro, Berres, Callobre, Cora, Curantes, Frades, Moreira, Nigoí, Pardemarín, Rubín, Vea S. Xiao, Vea S. Xurxo e Vea S. André” ao que foron convidadas as empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., NAROM S.,L.e DAGO S.A.

-Visto que presentaron solikitude de participación as tres empresas, se ben dentro de prazo presentaron a documentación, EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., e DAGO S.A., presentando fóra de prazo NAROM S.L.

-Vista a documentación administrativa aportada polos licitadores EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., E DAGO S.A., sendo a mesma a requirida consonte aos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

-Vistas as ofertas presentadas polos licitadores e aplicados os Criterios de Valoración das Ofertas contidos nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato de obras “Acceso a núcleos e pavimentación de vías públicas en A Estrada, Agar, Aguións, Ancorados S. Pedro, Berres, Callobre, Cora, Curantes, Frades, Moreira, Nigoí, Pardemarín, Rubín, Vea S. Xiao, Vea S. Xurxo e Vea S. André (PPC2010)”, a oferta formulada por DAGO S.A., obtén 1 punto e a formulada por EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., obtén 0 puntos.

-Visto o informe de fiscalización da Interventora de fondos de data 16 de xuño de 2010, emitindo reparo de carácter suspensivo.

-Vista a competencia desta Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 7.2 do Decreto 1627/97, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de data 21 de xuño de 2007 e visto o disposto no artigo 14 da Lei 30/92 no relativo á avocación de competencias.

#### R E S O L V O :

1º.- Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola Sra. Interventora, en base ao informe favorable de fiscalización previa do expediente de contratación da indicada obra, emitido polo Sr. Interventor en funcións, con data 27 de maio de 2010, que, respecto do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexeron esta licitación, literalmente, expresou .....”Consta

*o prego de cláusulas administrativas particulares, sen apreciarse ningún aspecto que obxectar.....”*

3°.-Adxudicar provisionalmente o contrato de obras “Acceso a núcleos e pavimentación de vías públicas en A Estrada, Agar, Aguíóns, Acorados S. Pedro, Berres, Callobre, Cora, Curantes, Frades, Moreira, Nigoi, Pardemarín, Rubín, Veá S. Xiao, Veá S. Xurxo e Veá S. André (PPC2010)”, por importe de 179.531,15 euros (impostos incluídos) a DAGO S.A., con arranxo ós Pregos e á súa oferta.

4°.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

----certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondente, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

---certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias e na Seguridade Social.

---Informe da Tesourería municipal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

5°.-Notificar o Acordo que se acade ao adxudicatario e publicar a adxudicación provisional no Perfil do contratante.”

A Estrada 17 de xuño de 2010.

O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López